

Sabes que...

Samaín, unha das datas máis importantes no calendario celta, significa "fin do verán e comezo do inverno" ?

Os celtas crían no alén e na conexión deste co noso mundo en datas concretas, sendo a noite do Samaín a máis destacada.

Consideraban que a noite do 31 de outubro era moi perigosa porque as almas en pena podían vir saldar as súas contas pendentas.

Por iso, colocaban caveiras con velas no seu interior... para escorrentar aos espíritos!

LEMBRA...

As cabazas entregaranse no colexio a partir do luns 30 de outubro, na clase ao titor/a que vos indicará onde se van expoñer, ata o martes 31 de outubro que a recollerás antes da hora da saída para levala a casa e colocala na terraza, na fiestra... co aquel de meterlle medo á xente ese día.

Terás que poñerlle un título en galego ao teu traballo, xunto co teu nome e curso. O teu titor/a che entregará unha tarxeta para que poñas os datos necesarios.

SAMAÍN 2023



CORRE ... CORRE ...
CABACIÑA... que xa
está aquí a...

EXPOSICIÓN DE CABAZAS

(Actividade Voluntaria)

O Samáin

(canción de Mamá Cabra)

Hoxe celebramos o Samáin
Que noutros sitios lle chaman Halloween.

Tumba por alí
Tumba por alá
Tumba, tumba
Uha, ja, ja, ja...

Os devanceiros nos tempos de antes
Poñían nas súas portas caveiras de xigantes.

Tumba por alí (...)

Cando se achega o Samáin
Ponse todo escuro, verán ten o seu fin.

Tumba por alí (...)

Os esqueletos póñense a bailar
Coas súas caveiras vannos asustar.

Tumba por alí (...)

Hoxe pola noite vaste decatar
Cando a túa porta vaian a petar.

Tumba por alí (...)

Non nos meten medo porque teñan pelo
Non nos meten non, fixémoslas nós.

Tumba por alí (...)

Por primeira vez na nosa escola
Temos Samáin; Isto si que mola!

Tumba por alí (...)

Colorea o seguinte debuxo.



E agora, atréveste con este?

